

ALCALDÍA DO CONCELLO

CIRCULAR SOBRE A APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 4/2025

O Pleno desta deputación, na sesión realizada o 21 de novembro de 2025, aprobou a **primeira fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **POS+Adicional 4/2025** para o financiamento dos gastos correntes dos concellos ou para a minoración da débeda dos concellos coa deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023.

A aprobación deste Plan realizouse no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

O acordo de aprobación deste Plan vai ser sometido a exposición e información pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e vai ser enviado á Administración Estatal e Autonómica para que durante un prazo de 10 días poidan presentar as alegacións ou reclamacións que estimen convenientes. Unha vez transcorrido este prazo enviaráselle a ese concello outra circular comunicando, de ser o caso, a súa aprobación definitiva.

De acordo co previsto na base 15 e nas instrucións sobre a elaboración do POS+Adicional 4/2025 comunicadas a ese concello en outubro de 2025, na primeira fase do POS+Adicional 4/2025 inclúense as solicitudes presentadas polos concellos dentro do primeiro prazo establecido para destinar a achega provincial para o financiamento de gasto corrente e para a redución da débeda dos concellos coa deputación.

Esta Circular contempla, en distintos apartados, a aplicación da achega provincial ao financiamento dos gastos correntes ou á redución da dita débeda con esta deputación, que serán aplicables aos concellos nos apartados que lle correspondan segundo os obxectos solicitados e incluídos nesta primeira fase do POS+Adicional 4/2025.

I. - GASTOS CORRENTES INCLUÍDOS NA PRIMEIRA FASE DO POS+ ADICIONAL 4/2025

A achega provincial que ese concello aplica ao financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2025 é a seguinte:

CONCELLO	IMPORTE
Sada	268.386,34

De acordo co previsto na base 15.5 en relación coa base 9.1, despois da aprobación definitiva desta primeira fase do POS+Adicional 4/2025, esta deputación **transferirá aos concellos con carácter prepagable, previsiblemente a mediados do mes de decembro de 2025**, a achega provincial solicitada para o financiamento dos seus gastos correntes, de acordo coas previsións contidas no informe emitido segundo o modelo Anexo III.

Posteriormente, una vez que o concello realice o pago destes gastos, deberá presentar telematicamente nesta deputación, **ata o 31 de marzo de 2026, un informe xustificativo dos pagos realizados**, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen, por una banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+Adicional 4/2025, segundo o modelo que figura como Anexo IV ás Bases. Excepcionalmente, e en virtude da correspondente solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

NOTA PARA OS CONCELLOS QUE FINANCIAN O GASTO CORRENTE DO ANO 2025 CON CARGO AO POS+ADICIONAL 4/2025 E TAMÉN CON CARGO AO POS+2025 BASE OU POS+ADICIONAL 3/2025

Os concellos que financian os seus gastos correntes do exercicio 2025 tanto con cargo ao POS+Adicional 4/2025 como con cargo ao POS+2025 base ou POS+Adicional 3/2025 deben realizar de forma coordinada as xustificacións nos correspondentes expedientes, POS+AD4-GASTCORREN 2025, POS+GASTOCORRENTE 2025 e POS+AD3-GASTCORRENTE 2025, coa finalidade de que quede xustificada a totalidade da achega provincial transferida con carácter prepagable en estes Plans.

No caso de que o Anexo IV inclúa gastos correntes financiados polo concello por un importe superior á suma das achegas financiadas con cargo ao POS+Adicional 4/2025, POS 2025 Base e ao POS+Adicional 3/2025, o Anexo IV poderá ser o mesmo e deberá subirse como xustificación en todas as convocatorias. No caso contrario, deberá subirse un Anexo IV para cada convocatoria que contemple obxectos distintos para cada unha delas ata alcanzar a achega provincial transferida ao concello en cada convocatoria.

PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN POLOS CONCELLOS DO FINANCIAMENTO DO POS+

Transcríbese a continuación a cláusula 10 relativa a obriga dos concellos de comunicación e publicidade do financiamento do POS+:

"Os concellos deberán dar publicidade ao financiamento recibido desta deputación a través do POS+ segundo se indica a continuación, de acordo coas instrucións de execución que se lles enviarán e as que figuren na plataforma Subtel, utilizando os logotipos e modelos de identidade corporativa que se lles facilitarán aos concellos por esta deputación. Deberá acreditarse o cumprimento destas obrigas cando presenten os documentos xustificativos dos distintos obxectos do Plan.

*Na páxina de inicio da **web oficial do concello** incluirase un **logotipo ou cartel do POS+**, que terá que enlazar cunha páxina onde se detallen os investimentos, gastos correntes ou outros obxectos aprobados en cada Plan.*

*Se o concello solicitou financiamento para os seus **gastos correntes**, no caso de aplicar a achega provincial para os gastos de persoal directamente adscrito ao servizo, deberá figurar na súa roupa de traballo o logotipo da deputación, e se non se utiliza roupa específica de traballo, deberá colocarse un cartel ou logotipo nalgún lugar visible da súa área de traballo.*

*Se o concello solicitou financiamento para realizar **obras**, segundo se indica na base 9.2, desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o **cartel oficial** debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.*

*Cando se trate de obras en edificios, cando estean rematadas, deberá colocarse unha **placa** na que se indique o financiamento da deputación. Igualmente, cando se trate de vehículos ou maquinaria adquiridos con cargo ao POS+, deberán rotularse co logotipo da deputación. O concello deberá presentar xunto coa documentación xustificativa unha fotografía para acreditar o cumprimento desta obriga. En xeral, os investimentos financiados con cargo ao Plan, estarán a disposición da deputación para a súa visita ou inauguración."*

II.- REDUCCIÓN DA DÉBEDA COA DEPUTACIÓN CON CARGO Á PRIMEIRA FASE DO POS+ADICIONAL 4/2025

Logo de que esta primeira fase do POS+Adicional 4/2025 estea definitivamente aprobada, esta deputación aplicará a achega provincial solicitada neste Plan á minoración da débeda dos concellos coa deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023, realizando as operacións contables e orzamentarias que sexan precisas, minorando en primeiro lugar a correspondente ao Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar á aplicada a minorar a débeda do concello con entidades financeiras e posteriormente á aplicada ao financiamento de investimentos.

O importe da débeda dese concello actualizada, tras a minoración realizada a través do POS+Adicional 4/2025, é a que a continuación se indica: